



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE A ADECUACIÓN DA CONTABILIDADE Á ICAL (Instrucción de Contabilidade para a Administración Local) E SOBRE A INFORMATIZACIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL

Algúns feitos acontecidos nos últimos meses en relación con propiedades e bens municipais, puxeron de manifesto que, ademais de non existir un inventario de bens que a lei estipula para as entidades locais (artigo 86 do RD 781/1986, *Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local*), tampouco se están a cumprir no Concello de Teo as normas básicas de contabilidade que permiten unha xestión eficaz dos recursos e o necesario control e fiscalización por parte da oposición.

Noutro tema máis, e van un cento deles, as obrigas que marca a lei non parece que afecten a este concello, que deixa así, aos cidadáns e ás forzas políticas na máis completa indefensión fronte a unha xestión económica escura, incontrolábel e propiciadora de actuacións ilícitas. As deficiencias recollidas polo Consello de Contas no Informe sobre o Concello de Teo no ano 2000 (como a falta de libros de contabilidade debidamente dilixenciados e encadernados) seguen sen subsanarse varios anos despois.

A Orde do 17 de xullo de 1990 pola que se aproba a Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), do Ministerio de Economía e Facenda, de obrigatorio cumprimento para todos os concellos de máis de 500 habitantes a partir do 1 de xaneiro de 1992 (van alá 14 anos, que se dí pronto), establece textualmente, e como cuestións básicas que neste concello se incumpren, entre moitas outras:

Regla 61. 2

Los Libros de Contabilidad que obligatoriamente hayan de llevar las Entidades Locales y sus Organismos Autónomos deberán ser debidamente encuadernados y foliados, con diligencia acreditativa de la naturaleza del libro y del número de folios, en la que figure: "el presente Tomo ... que forma parte del Libro ... consta de ... folios". Esta diligencia deberá ir firmada por el Interventor, debiendo constar la fecha en que la misma se practique.

Regla 62.- Llevanza.

Los Libros de Contabilidad deberán ser llevados con claridad y exactitud, por orden de fechas, sin interpolaciones, raspaduras ni tachaduras. Deberán salvarse inmediatamente que se adviertan, los errores y omisiones mediante las correspondientes anotaciones contables.

Regla 64.- Clases.

La contabilidad de las Entidades Locales y sus Organismos Autónomos se llevará a través de los Libros de Contabilidad Principal que se indican a continuación:

- Diario General de Operaciones.
- Mayor de Cuentas.
- Inventarios y Balances.
- Diario de Operaciones del Presupuesto de Gastos.
- Mayor de Conceptos del Presupuesto de Gastos.
- Mayor de Conceptos del Presupuesto de Ingresos.

- Mayor de Conceptos de Recursos de Otros Entes Públi-cos.
- Mayor de Conceptos por Entregas a Cuenta.
- Mayor de Conceptos no Presupuestarios.

Regla 65.- Diario General de Operaciones.

El Libro Diario General de Operaciones registrará día a día todas las operaciones de naturaleza económica y financiera relativas al ejercicio de la actividad, tanto si tienen incidencia presupuestaria como si no.

Será válido, sin embargo, la anotación conjunta de los totales de operaciones por períodos no superiores al mes, siempre que su detalle aparezca en otro Libro o registros auxiliares concretos.

Por outra banda, chama a atención que despois de varios anos nos que se ven falando de informatizar o Rexistro Oficial do Concello, non se dera ningún paso efectivo cara unha medida que suporía un claro avance na eficacia da xestión administrativa municipal, na rapidez para o acceso a información dos cidadáns e dos grupos políticos, e un paso adiante na modernización dun concello que se achega aos 20.000 habitantes

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Que de forma inmediata, se adopte na contabilidade do Concello de Teo, a Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada pola Orde do 17 de xullo de 1990 do Ministerio de Economía e Facenda
2. Que se estableza un plan urxente, con prazos concretos e que contemple as necesidades persoais e materiais, para conseguir antes de que remate este ano ter informatizado o Rexistro Xeral do Concello.

En Teo, a 22 de marzo de 2004

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO